

Mestura de planos

Unha prosa áxil e directa

MARÍA NAVARRO

Da querencia pola fantasía popular, probablemente alimentada por experiencias da infancia como el mesmo manifesta, nace *Lu e Go pola muralla*, unha novela publicada recentemente por Edicións Obradoiro e que constitúe en certa medida unha homenaxe a unha das construcións máis significativas da antiga Lucus Augusti, o muro de defensa que rodea o casco histórico da cidade e que se mantén con escasas variacións ata a actualidade.

Ao logo dos dous quilómetros que posúe a muralla, Lu e Go isto é, un gato negro e un rato branco- pasean polo adarve da muralla romana amosándolle ao lector a riqueza espiritual e arquitectónica que esta posúe. E da mesma forma que a construción é un elemento integrador entre a antiga Lucus e a cidade que se desenvolveu ao seu redor, así se manifesta na novela como fio condutor dunha serie de movementos que realizan animais e outros personaxes e que nos sorprenden polo diálogo entre pa-

sado e presente, realidade e ficción, probabilidade e posibilidade, todo isto aderezado con notas de actualidade que soan a crí-

tica, con referencias a escritores consagrados que propician a intertextualidade e con pintas cómicas que amenizan o paseo.

Os recursos dos que se vale o autor para chegar o seu público pasan pola inclusión de personaxes que se fan escoitar, pero que son, en principio, alleos á historia co que se consegue introducir información real e facer veraz a narración, pola mestura de planos que combinan a fantasía e a maxia ao seu antollo e pola elección dunha prosa áxil e directa que imita falas antigas e non perde de vista nin o

carácter lúdico do texto nin os destinatarios a quen vai dirixido.

Despois das preceptivas presentacións dos protagonistas, onde averiguamos o seu carácter aventureiro e da man do narrador comezamos a saber do percorrido que de forma circular establece a Porta Miñá como principio e remate, un comezo que se mostra fascinante e que preludia múltiples aventuras motivadas polas palabras de Álvaro Cunqueiro acerca dun tesouro agochado dentro das murallas e un final accidentado para Lu e Go, pero que reporta satisfaccións aos animais e ás persoas que seguen o seu deambular polo paseo de ronda.

E así establecendo outro símil entre cidade e texto podemos indicar que da mesma forma que as dez portas cumpren a función de relacionar diferentes lugares da cidade de Lugo, tamén a muralla, irmánada coa Gran Muralla China de Quinguangdao, establece algunha sorte de enlace entre a realidade e a ficción de base histórica.

REIGOSA, Antonio, *Lu e Go pola muralla*, Ed. Allaguara/Obradoiro, Santiago, 2010, PVP 8 €

